

Ollada crítica

Rigoroso, sistemático,
documentado

XOSÉ FEIXÓ

A profesora Dolores Vilavedra, con *A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica dende 2010*, vén ofrecernos, como de costume, un traballo rigoroso, sistemático e documentado, imprescindible para achegarnos con seriedade á literatura galega do derradeiro cuarto do século pasado.

Fiel e recoñecida continuadora dos traballos de González-Millán, segue a súa rota ata a fin do século. E faino cunha envexable obxectividade, de aí que non esqueza nin obvie os temas difíciles, polos que outros virarían para non afrontalos. Así, por exemplo, aborda o que chama “affaire Conde”, e valora a literatura escrita en normativa non oficial, recoñecendo que moitos dos seus autores non foron, e non son, imparcialmente valorados, chegando a dicir de Joam Guisam que é un “dramaturgo de excepcional calidade e audacia”. Quero con isto dicir que non deixa nada por estudar, nin sequera o que algúns consideran politicamente incorrecto.

Pero a súa ollada penetra eficazmente todos os campos: a narrativa de xénero, os modelos ruralista e realista, a novela histórica e fantástica (deténdose no impacto e consecuencias de *Galván en Saor*), a narrativa de autoría feminina, etc. Loxicamente, acompaña a bibliografía citada, o práctico índice onomástico e o necesario índice de obras.

VILAVEDRA, Dolores, *A narrativa galega na fin de século*, Ed. Galaxia, Vigo, 2010, PVP.24 €

